

Informe sobre interpretación do concepto de explotación gandeira aos efectos do cumprimento das distancias establecidas no artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e viabilidade das vivendas vinculadas ás mesmas

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 22.05.2024 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (núm. 2024/1665480) un oficio do alcalde do Concello de Abegondo no que formula a seguinte consulta á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

"[...] dende a entrada en vigor da Lei 7/2023 de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar animais, realizáronse no concello de Abegondo varias consultas relacionadas ca implantación de instalacións para á cría de cans en solo rústico [...]."

O motivo da consulta é a interpretación do concepto de explotación gandeira aos efectos da aplicación das distancias establecidas no artigo 39 [...].

Intentando buscar algunha analoxía na lexislación específica, o Real Decreto 348/2000, de 10 de marzo, por el que se incorpora al ordenamiento jurídico la Directiva 98/58/CE, relativa a la protección de los animales en las explotaciones ganaderas, no seu ámbito de aplicación exclúe de forma clara os animais destinados a participar en competicións, exposicións ou actos ou actividades culturais ou deportivas [...].

Do que deducimos que para os efectos de unha explotación gandeira so se teñen en conta os criados ou mantidos para a produción de alimentos, la, coiro, peles e outros fins agrícolas.

O Real Decreto 479/2004, de 26 de marzo, por el que se establece y regula el Registro general de explotaciones ganaderas, no seu obxecto e ámbito de aplicación determina que se aplicará aos animais de produción tal e como se definen no artigo 3.2 da Ley 8/2003, de 24 de abril e en particular aos do anexo I do citado RD. Non se aplica ao animais de compañía, nin aos animais domésticos, nin a fauna silvestre definidos nor apartados 3, 4 e 5 da Ley 8/2003 [...].

Co que podería quedar claro o que é unha explotación gandeira aos efectos da súa lexislación específica.

Porén, volvendo o texto da LSG, parece definirse de forma exclusiva para os efectos da dita Lei o que é unha explotación gandeira.

Tras o anteriormente exposto solicitamos informe que se manifieste sobre os seguintes aspectos:

-Debe entenderse unha instalación para cría de cans como unha explotación gandeira aos efectos da LSG.?

-Unha instalación para cría de cabalos para competición deportiva ou recreo debe entenderse como unha explotación gandeira aos efectos da LSG.?

-Se tivesen a consideración de explotacións, habilitarían ás persoas titulares para solicitar autorización autonómica para á construción de unha vivenda vinculada as mesma.?"

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de



ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan os concellos de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Abegondo conta con Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente mediante Orde da vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 19.10.2023, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 210, do 06.11.2003 e a súa normativa no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 247, do 29.12.2003.

Este instrumento está adaptado á *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)*, polo que o réxime do solo rústico establecido no mesmo se axusta ao previsto na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en adiante, RLSG).

TERCEIRA.- A consulta municipal ten por obxecto analizar a viabilidade das instalacións para cría de cans e das destinadas á cría de cabalos para competición deportiva ou recreo no solo rústico.

Así, os artigos 35.1.h) da LSG e 50.1.h) do seu regulamento prevén, entre os usos admisibles en solo rústico, as construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos en que se aloxen, manteñan ou críen animais e instalacións apícolas; estas construcións deberán responder ás características, dimensións e configuración propias do medio rural, non podendo destinarse en ningún caso a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que contén con instalacións propias de vivendas.

As devanditas actuacións están sometidas unicamente a título habilitante municipal, sen necesidade de autorización autonómica previa, en virtude do establecido no artigo 36.1 LSG. En consecuencia, as instalacións destinadas á cría de cans ou cabalos, en tanto que instalacións nas que se aloxan, manteñen ou crían animais constitúen un uso permitido no solo rústico.

Así mesmo, o artigo 39 LSG enumera as condicións xerais das edificacións no solo rústico e na súa letra g) define a explotación gandeira nos seguintes termos:

"[...] Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico – económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios".

Esta definición recóllese co mesmo teor literal no artigo 62 do RLSG, que no seu número 3 precisa que "O previsto neste artigo enténdese sen prexuízo do previsto na lexislación sectorial que resulte de aplicación".

CUARTA.- Exposto o marco normativo urbanístico aplicable, cómpre analizar as previsións ao efecto da lexislación sectorial que permitan pormenorizar o marco de aplicación ás obras especificadas.

A tal efecto, consta unha ampla regulación na materia. Así, a Lei 8/2003, de 24 de abril de sanidade animal, define no seu artigo 3.2 o que considera animais de produción, indicando que se trata daqueles *animais de produción, reprodución, cebo ou sacrificio, incluídos os animais de peletería ou de actividades cinexéticas, e os silvestres mantidos, cebados ou criados, para a produción de alimentos ou produtos de orixe animal, ou para calquera outro fin comercial ou lucrativos, quedando expresamente excluídos os cans, gatos ou furóns, e* indicando así mesmo, que os animais de produción só se considerarán animais de compañía no suposto de que, perdendo o seu fin produtivo, o propietario decidira inscribilo como animal de compañía no rexistro correspondente.



A maior abastamento, o artigo 3.3 da dita normativa define como animal de compañía ao *animal doméstico ou silvestre en cativeiro mantido polo ser humano, principalmente no fogar, sempre que se poida ter en boas condicións de benestar que respecten as súas necesidades etolóxicas, poida adaptarse á cativeiro e que a súa tenza non teña como destino o seu consumo ou o aproveitamento das súas producións ou calquera uso industrial ou calquera outro fin comercial ou lucrativo e que, no caso dos animais silvestres, a súa especie estea incluída no listado positivo de animais de compañía. En todo caso cans, gatos e furóns, independentemente do fin á que se destinen ou do lugar no que habiten ou do que procedan, serán considerados animais de compañía. Os animais de produción só se considerarán animais de compañía no suposto de que, perdendo a súa fin produtiva, o propietario decidira inscribilo como animal de compañía no Rexistro de Animais de Compañía.*

A lexislación galega de benestar animal, Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, exclúe expresamente no seu artigo 2.1, do obxecto da lei e, por tanto, da consideración de animais de compañía, aos animais de produción destinados ao seu aproveitamento e aos animais pertencentes á familia dos équidos.

Segundo co marco estatal, o Real Decreto 479/2004, de 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, que se aplica aos animais de produción en todo o territorio nacional, define no seu Anexo III como explotación gandeira de produción e reprodución: aquelas que manteñen e crían animais, ben co obxecto de obter unha finalidade lucrativa das súas producións (incluíndo os animais selectos, seme ou embrións), ben para o seu destino ao consumo familiar. No seu apartado 3 expresamente establece que a clasificación das explotacións equinas rexerese polo disposto na normativa básica en materia de ordenación zootécnica e sanitaria do dito sector.

Neste senso, o Anexo I do RD 804/2011, do 10 de xuño, que regula as condicións zootécnicas, sanitarias e de benestar das explotacións equinas, no seu apartado 2.1 clasifica como explotación equina de produción e reprodución aquelas que manteñen e crían équidos co obxecto de obter un fin lucrativo das súas producións (incluíndo os animais selectos, seme ou embrións); ademais expresamente inclúe neste tipo todas as que non pertencen a ningún dos tipos recollidos no apartado 2.

En consecuencia, todas estas definicións permiten apreciar que no concepto de animais de produción quedan englobados tanto todos aqueles que se crían ou manteñan para produción alimentaria, como aqueles que se produzan cunha finalidade comercial ou lucrativa, descartando desta categoría aos animais de compañía e, en todo caso, aos cans, gatos ou furóns; non tendo expresamente os équidos a consideración de animal de compañía, aos efectos de aplicación da lexislación sectorial galega en materia de benestar animal.

Nesta mesma liña que o concepto de animal de produción, o concepto de explotación gandeira para os efectos exclusivamente urbanísticos caracterízase polo destino das instalacións á cría, produción e reprodución de animais e á obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios, polo que pode concluírse que, excluídos os cans, gatos e furóns, as instalacións destinadas aos fins indicados teñen o carácter de explotación gandeira.

En todo caso, a existencia dunha explotación gandeira ten que quedar acreditada coa súa oportuna inscrición no rexistro correspondente.

QUINTA.- Finalmente, respecto da última cuestión obxecto da consulta, o artigo 52 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG) precisa con claridade os requisitos que se deberán cumprir en relación aos usos residenciais vinculados a unha explotación agrícola ou gandeira. O apartado 2 do dito artigo recolle a mesma definición da explotación que a considerada no artigo 39.g) da LSG.

Porén, do apartado 3 do artigo 52 dedúcese que a necesidade dunha vivenda vinculada a unha explotación gandeira, que pode ser definida nos termos anteriores, deberá xustificarse sobre a base da súa íntima



vinculación coa dita explotación, para o que deberá acreditarse que concorren tódolos requisitos que precisa o dito apartado e restantes do artigo 52 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, xunta coas restantes condicións esixidas ás edificacións en solo rústico.

CONCLUSIÓN

1. O concepto de explotación gandeira caracterízase polo destino das instalacións á cría, produción e reprodución de animais e á obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios, polo que, á vista da normativa sectorial e das determinacións da lexislación urbanística aplicables, pode concluírse que, excluídos os cans, gatos e furóns, as instalacións destinadas aos fins indicados teñen o carácter de explotación gandeira. En todo caso, a existencia dunha explotación gandeira ten que quedar acreditada coa súa oportuna inscrición no rexistro correspondente.

Nomeadamente, aos efectos do artigo 39.g) da LSG, as instalacións destinadas á cría de cabalos para competición deportiva ou recreo sí teñen a consideración de explotación gandeira, e as instalacións para cría de cans non a teñen.

2. Sentada a existencia dunha explotación gandeira, para a construción dunha vivenda vinculada á dita explotación, é imprescindible, ademais, que se cumpran e acrediten todas as condicións esixidas no artigo 52 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro (RLSG) xunto coas restantes condicións esixidas ás edificacións en solo rústico.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

